

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARRAL

Aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo dunha praza de normalizador/a lingüística (estabilización), nomeamento dos membros do tribunal e data da primeira sesión do tribunal

ANUNCIO

Mediante decreto da alcaldía 487/2024, do 19 de novembro de 2024, **RESOLVEUSE:**

PRIMEIRO.- aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de normalizador/a lingüístico/a (grupo I do persoal laboral fixo) como segue:

Relación definitiva de persoas admitidas:

INTERESADOS	DNI
Domínguez Montaña, M ^a Antonia	***1354**
Cives Paz, Yolanda	***6071**
Souto Cereijo, Berta	***0975**
Pérez Barral, Luís Antonio	***8326**

Relación definitiva de persoas excluídas:

INTERESADOS	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN DEFINITIVA
Lorenzo Iglesias, Xoán	***6603**	Solicitude fóra de prazo; ademais, non presenta anexo I , nin DNI nin Celga 5.

SEGUNDO.- Nomear ao tribunal cualificador do proceso selectivo coa seguinte composición, o cal debe facerse público aos efectos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

Presidenta	Titular: D ^a Sonia Campos Ares, técnica de Administración Xeral do Concello de Carral. Suplente: D ^a Noemí González Mato, interventora do Concello de Carral.
Secretaria	Titular: D ^a Rebeca Vázquez Vázquez, secretaria do Concello de Carral. Suplente: D ^a Silvia Aramburo Vázquez, tesoureira do Concello de Carral-Bergondo-Abegondo.
Vogais	Titulares: D ^a Dores Sánchez Alegre, técnica de normalización lingüística da Excelentísima Deputación da Coruña. D ^a M ^a Beatriz Fernández Vázquez, normalizadora lingüística do Concello de Abegondo. D ^o José Manuel Rodríguez Costa, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Abegondo. Suplentes: D ^a María Dolores de Urda Muñoz, arquitecta do Concello de Cerceda. D ^a Teresa Fernández Lorenzo, arquitecta da Excelentísima Deputación da Coruña. D ^o Luís Díaz Díaz, arquitecto do Concello de Abegondo.

TERCEIRO.- Fixar para o vindeiro 25 de novembro de 2024, ás 10:00 horas, no salón de plenos da Casa do Concello de Carral, a primeira sesión do tribunal cualificador (constitución). A continuación procederase á valoración da fase de concurso.

CUARTO.- Publicar a parte resolutiva deste decreto no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carral sito na páxina web.

QUINTO.- Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a alcaldía no prazo dun mes ou ben recurso contencioso-administrativo perante o xulgado contencioso-administrativo no prazo de dous meses, en ambos casos o prazo contarase dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no boletín oficial da provincia. O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulgará que se lles recoñeza aos/ás aspirantes o cumprimento dos requisitos esixidos. Cando da documentación a presentar unha vez superado o proceso selectivo se desprenda

que non cumpran algún dos requisitos, os/as aspirantes decaerán en todos os seus dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

Carral, 19 de novembro de 2024

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2024/8284